

Galicia Encantada



ANIVERSARIO

2005 * 2025

Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Ritos, obxectos, crenzas varias..

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Pena do Xiro

A Pena do Xiro está na parroquia de Montouto, concello de Abadín (Lugo). «Aí, encantos si; alí arriba da Laxe lle chaman, arriba da casa donde vive o carteiro, o carteiro aínda é meu parente, o pai del era meu padriño, o Domingo. Alí, chámánlle a Pena do Xiro, había un encanto e diz que tocaba a gaita polas tardes, diz que salían, e estaban os pastores cas ovellas e diz que salía a toca-la gaita e diz que eran mui ricos eses encantos».

BIBLIOGRAFÍA

Fonte:

ARQUIVO CHAIRA: Transcrición da versión oral de CARMEN PALLARES (73 anos), Cabanapallaza, Salgueiro, Montouto. 24 de xaneiro de 1993.

Bibliografía:

CARNERO, O., CUBA, X. R., REIGOSA, A., SALVADOR, M., Da fala dos brañegos. Literatura oral do concello de Abadín, Excma. Deputación Provincial de Lugo, 2004